# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15027782 | IES Ordes | Ordes | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Bacharelato | Lingua galega e literatura I | 1º Bac. | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
| --- | --- |
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 12 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 36 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 37 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 40 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 40 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 42 |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias | 43 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 43 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 44 |
| 7.2. Actividades complementarias | 45 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 46 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 48 |
| 9. Outros apartados | 48 |

## 1. Introdución

A materia de Lingua Galega en primeiro de bacharelato ten dous obxectivos básicos: por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e favorecer un uso ético da linguaxe; por outra, preténdese educar cidadáns conscientes de seren seres históricos, depositarios dun legado cultural, literario e lingüístico que cómpre coñecer para comprenderse a si mesmos e a sociedade na que viven.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos que se abordan en primeiro de bacharelato non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, particularmente aos de 3º ESO, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados e a precisión no coñecemento dos conceptos e na aplicación das normas lingüísticas; ademais, no bacharelato, o desenvolvemento das competencias do alumnado requirirá unha maior atención a textos académicos, literarios e dos medios de comunicación e ao rexistro formal da lingua.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.
1) O bloque «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática. Faremos especial fincapé no texto expositivo e no texto argumentativo e combinaremos a práctica do discurso oral formal e do discurso escrito formal.
2) O bloque «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática. As unidades están secuenciadas por clases de palabras, e en cada unha delas porase o foco, por unha banda, na reflexión metalingüística e, por outra, no uso correcto, adecuado e estándar da lingua.
3) O bloque «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística. Estes contidos atravesan de maneira transversal varias das unidades desta programación. Aproveitaremos o estudo da formación e da historia da lingua galega para establecer conexións coa realidade lingüística actual de Galicia, para que o alumnado tome conciencia do lugar que ocupa o noso idioma no contexto peninsular e para fomentar unha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática. Tamén se busca coñecer as diferentes linguas da Península, e aprender nocións básicas sobre elas. Dados os vínculos históricos e estruturais tan evidentes entre o galego e o portugués, fomentaremos o coñecemento e o achegamento ao portugués e á lusofonía.
4) O bloque «Educación literaria» procura incrementar a capacidade para interpretar textos literarios ao abeiro do seu contexto histórico e cultural e de coñecer o noso canon literario entre a Idade Media e a literatura «Antre dous séculos». Tamén se busca espertar o interese do alumnado pola lectura de textos clásicos e modernos. Neste sentido, cada trimestre proponse unha lectura obrigatoria; na súa selección procúrase que sexan representativas do noso corpus literario, de autores e autoras salientables e contemporáneos, e que inclúan temáticas que promovan a reflexión sociocultural e que promovan valores éticos.
- No primeiro trimestre lerán "Senlleiras", de Antía Yáñez.
- No segundo trimestre lerán "Deixe a súa mensaxe despois do sinal", de Arantza Portabales.
- No terceiro trimestre lerán "A culpa", de María Solar.

En calquera dos tres trimestres, poderán ler como alternativa "A memoria da choiva" de Pedro Feijoo se é que xa fixeron previamente algunha das lecturas propostas.

Estes bloques, distribuídos en 16 unidades didácticas, están temporalizados tendo en conta a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Contémplanse 105 sesións, das cales dedicaremos ao desenvolvemento das UD arredor de 90, prevendo que cada avaliación precisaremos 5 sesións para a realización de probas (dúas sesións para as probas escritas, dúas sesións para a súa corrección e comentario e unha sesión para a proba de lectura).

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 40 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1-4 | 1-2-3-4-5 | 11 | 1-2-3 | | |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 40 | 2-3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 50 | 2 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas. | 2-3 | | | 1-2-3-4 | 40 | 2-3 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 11 | | | 1-2-31-32 |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | 1 | 32 | 1 | | 1-2-31-32-42 |
| OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | 1 | 50 | | | |
| OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe. | 1-3-5 | 3 | | 3 | 31 | 1-2-3 | | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | LINGUA E COMUNICACIÓN | 1. Conceptos de comunicación, linguaxe, código (natural e substitutivo) e lingua.<br>2. Os elementos da comunicación: o ruído e a redundancia.<br>3. Conceptos de indicio, icona, símbolo e signo: definición e identificación.<br>4. Signo lingüístico: definición e características.<br>5. Dobre articulación: definición, unidades e vantaxes.<br>6. As funcións da linguaxe. | 8 | 8 | X | | |
| 2 | TEXTO 1: A EXPOSICIÓN E O DISCURSO ORAL | 1. Tipoloxía textual: descrición, narración, exposición e argumentación. O texto dialogal.<br>2. O texto expositivo: tipoloxía; características; linguaxe científica e didáctica.<br>3. Estrutura do texto: o contido de cada parte; o gancho e o broche.<br>4. Os conectores textuais: conectores de orde, de adición, repetitivos, de continuidade, conclusivos, disxuntivos...<br>5. O discurso oral: preparación dunha exposición oral formal. O uso de material de apoio multimedia.<br>6. Corrección, cohesión, coherencia, adecuación. O rexistro formal. A precisión léxica. | 8 | 9 | X | | |
| 3 | SUBSTANTIVO E ADXECTIVO | 1. Concepto de subst. e de adx.<br>2. Semántica do subst: a definición, os hiperónimos; clasificación semántica.<br>3. Morfoloxía de subst. e adx. O xénero: a adscrición correcta do xº; procedementos de cambio de xº (flexión; derivación; sincréticos, epicenos, heterónimos); interferencias do castelán; formas estándar e dialectais; valor semántico do xº;<br>4. Morfoloxía de subst. e adx. O número: formación do plural; interferencias do castelán; identificación das formas estándar e dialectais; o plural dos estranxeirismos; o cambio de número mantendo a concordancia.<br>5. Semántica do adx. A definición; a operación de cualificación desempeñada por adxectivos, SPrep. e oracións de relativo. Tipos de cualificación: adx. especificativos, explicativos e epítetos.<br>6. Graos do adx. O comparativo: identificación e uso correcto das conxuncións comparativas, evitando interferencias. O superlativo: tipos. | 8 | 9 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | SUBSTANTIVO E ADXECTIVO | Comparativos e superlativos cultos e sintéticos.<br>7. Funcións do adx.: Mod., Atrib, CPvo. | 8 | 9 | X | | |
| 4 | PRONOMES PERSOAIS, RELATIVOS, INTERROGATIVOS E EXCLAMATIVOS | 1. Concepto de pron.<br>2. Semántica do pron.: significado gramatical, valor deíctico e contextual; anáfora e catáfora; valores especiais.<br>3. Morfoloxía, serie tónica: variantes dialectais; plurais inclusivos/exclusivos, pron. cortesía e concordancia; pronomes contractos de compañía.<br>4. Morfoloxía, serie átona. Pronomes de acusativo (cd) e dativo (ci): emprego correcto das formas átonas de CD; coñecer os tres alomorfos o/lo/no; emprego correcto das formas átonas de CI (lle/lles). Distinguir o/lle. Distinguir te/che: o teísmo e o cheísmo. Distinguir lle/lles e llo/llelo. Usos especiais dos pronomes CI: pron. solidariedade, dativo de interese...<br>5. Morfoloxía, valores gramaticais de 'se' (reflexivo, recíproco, pronominal, pasiva reflexa, impersoal); interferencias do castelán na reflexividade e nos verbos pronominais<br>6. Sintaxe: funcións básicas dos pron.; normas de colocación do pronome átono; concorrencia de varios pron. átonos.<br>7. Pron. relativos, interrogativos e exclamativos. | 8 | 9 | X | | |
| 5 | DETERMINANTES: ARTIGO, DEMOSTRATIVO, POSESIVO, IDENTIFICADORES E CUANTIFICADORES | 1. Artigo: definición. Determinados e indeterminados. A segunda forma do artigo na fala e na escrita. Contraccións do artigo coa preposicións e coa conx. 'ca'.<br>2. Demostrativos: definición. Paradigmas dos demostrativos: variable e invariable. Interferencias do castelán. Dialectalismos e forma estándar. Contraccións dos demostrativos coas prep. 'de', 'en' e co indefinido 'outro'. Funcións especiais e outros valores semánticos: daquela, aquelar, niso, ter un aquel...<br>3. Posesivos: definición. Paradigma dos posesivos. Valores semánticos. Interferencias do castelán, particularmente o uso do artigo. Formas especiais: cadanseu, de seu.<br>4. Numerais: definición e tipos. Confusións no uso (decimosegundo/doceavo). Numerais colectivos característicos (ducia...). Formas correctas, evitando interferencias na oralidade e na escrita e identificando a forma estándar. Adxectivos numerais e pronomes numerais.<br>5. Indefinidos: definición. Identificadores e | 3 | 3 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | DETERMINANTES: ARTIGO, DEMOSTRATIVO, POSESIVO, IDENTIFICADORES E CUANTIFICADORES | cuantificadores. Interferencias do castelán. | 3 | 3 | | X | |
| 6 | TEXTO 2: A ARGUMENTACIÓN E O DISCURSO ESCRITO. ADVERBIOS, PREPOSICIÓNS, CONXUNCIÓNS | 1. Tipoloxía textual: informar vs opinar.<br>2. O texto argumentativo: características; tese e tipos de argumentos; as falacias.<br>4. Estrutura do texto: o contido de cada parte. O gancho e o broche.<br>5. Os nexos. Preposición e conxuncións. A expresión de relacións lóxicas. Conectores textuais causais, consecutivos, finais, condicionais, concesivos<br>6. O adverbio. A expresión da circunstancia. Conectores textuais locativos, temporais, modais...<br>7. O discurso escrito: preparación de textos argumentativos formais.<br>8. Corrección, cohesión, coherencia, adecuación. O rexistro formal. A precisión léxica. | 5 | 5 | | X | |
| 7 | VERBO | 1. Concepto de verbo.<br>2. Estrutura morfolóxica: raíz, vt, smt, snp<br>3. Categorías verbais: tempo, aspecto, modo, voz, nº e persoa.<br>4. Dobre terminoloxía dos tempos: copretérito/imperfecto...<br>5. Conxugación regular e irregular.<br>6. Particularidades da conxugación: formas do infinitivo conxugado; formas nominais (infinitivo, participio e xerundio); interferencias do castelán.<br>7. Uso dos verbos: valores e correlación dos tempos; uso do infinitivo conxugado; uso das perífrases verbais. | 7 | 7 | | X | |
| 8 | FORMACIÓN DA LINGUA GALEGA E GALEGO MEDIEVAL. AS LINGUAS DA PENÍNSULA | 1. Período prerromano: temporización, vestixios, substrato<br>2. Período romano: temporización, vestixios, adstrato; lendas; proceso e causas da latinización.<br>3. Invasións xermanas e árabe: temporización, consecuencias; superestrato.<br>4. Evolución do léxico latino cara ás linguas románicas: evolucións fonéticas; palabras patrimoniais, cultas e semicultas; familia léxica regular e irregular; exemplos.<br>5. Nacemento do galego e doutras linguas románicas. Semellanzas e diferenzas lingüísticas máis salientables. Especial atención ás linguas románicas da península e contraste co éuscaro.<br>6. Características do galego medieval. A separación do portugués. Similitudes e diferenzas. | 8 | 8 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 8 | FORMACIÓN DA LINGUA GALEGA E GALEGO MEDIEVAL. AS LINGUAS DA PENÍNSULA | | 8 | 8 | | X | |
| 9 | LINGUA E LITERATURA NA IDADE MEDIA 1: CONTEXTO E CANTIGAS DE AMIGO E DE AMOR | 1. Periodización e contextualización: da diglosia gal/latín ao monolingüismo.<br>2. Ámbito xeográfico: o galego, lingua internacional.<br>3. Relación do contexto histórico coas manifestacións literarias: sistema feudal e vasalaxe; teocentrismo; guerra; mitos relixiosos de Santiago e de Santa María; a Era Compostelá e o esplendor do Camiño de Santiago; analfabetismo e oralidade<br>4. Cultura trobadoresca. Transmisión oral: arte de trobar; protagonistas (trobadores, xograres, soldadeiras); trobadores importantes. Transmisión escrita: códices e cancioneiros (características, proceso de composición, exemplos; o Pergamiño Vindel); protagonistas (scriptorium, mecenas...).<br>5. Cantigas de amigo: orixe, tópicos temáticos e personaxes; tipos (polo contido e pola forma); refrán, paralelismo e leixaprén.<br>6. Cantigas de amor: orixe, amor cortés e feudalismo; tópicos temáticos e personaxes; tipos.<br>7. Interpretación de textos: comentario do contido (identificación do xénero, dos tópicos...) e da forma. | 7 | 7 | | X | |
| 10 | LINGUA E LITERATURA NA IDADE MEDIA 2: CANTIGAS SATÍRICAS, RELIXIOSAS, XÉNEROS MENORES E PROSA | 1. Cantigas de escarnio: orixe; a sátira; tipos segundo o tema e tipos segundo a forma (o escarnio e o maldicir). Relación coa tenzón.<br>2. Os xéneros menores: o pranto, a pastorela e a tenzón.<br>3. Cantigas de Santa María: o culto mariano no seu contexto (teocentrismo, guerra, Castela vs Galicia...). Alfonso X e o seu equipo. Organización do cancioneiro (tipos e distribución das cantigas). A cantiga máis famosa.<br>4. A prosa medieval. A prosa non literaria (historiográfica, didáctica...). A prosa literaria e os grandes ciclos medievais de ficción. Argumentos e títulos. A motivación política das historias.<br>5. Interpretación de textos: comentario do contido (identificación do xénero, dos tópicos...) e da forma. | 5 | 5 | | X | |
| 11 | TEXTO 3: A ARGUMENTACIÓN E O COMENTARIO CRÍTICO DE TEXTOS | 1. Os xéneros textuais argumentativos, particularmente xornalísticos (editorial, columna de opinión, cartas á dirección, crítica...). | 5 | 5 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 11 | TEXTO 3: A ARGUMENTACIÓN E O COMENTARIO CRÍTICO DE TEXTOS | 2. O comentario crítico de textos. Tipoloxía textual : a combinación da exposición e da argumentación (interpretación; análise, resposta crítica).<br>3. A interpretación dun texto: ideas principais e secundarias; o esquema; o resumo; o tema.<br>4. A análise dun texto: contextualización (autor, obra, época, corrente, movemento...), clasificación do texto (modalidade textual, finalidade, ámbito de uso), interese (vixencia, orixinalidade, enfoque...)<br>5. O xuízo crítico do texto: asentir, disentir, matizar... A asociación.<br>6. O discurso escrito: preparación de comentarios críticos formais. | 5 | 5 | | | X |
| 12 | LINGUA E LITERATURA NOS SÉCULOS ESCUROS. A LUSOFONÍA | 1. Periodo e contexto: causas do declive de Galicia.<br>2. Fragmentación lingüística. Separación de galego e portugués; semellanzas, diferenzas. A lusofonía.<br>3. Do monolingüismo ao contacto de linguas. Bilingüismo, préstamos, interferencias.<br>4. Decadencia do gal. nos usos. Diglosia.<br>5. Decadencia do gal. na codificación. Fragmentación dialectal. Vulgarización.<br>6. Decadencia do gal. nas actitudes. Orixe dos prexuízos e estereotipos lingüísticos: estratexias para combatelos.<br>7. Decadencia do gal. no estatus. Linguas hexemónicas, minoritarias e minorizadas. Dereitos lingüísticos: expresión en leis ao longo da historia e na actualidade. Modelos de convivencia entre linguas: causas e consecuencias. Ecoloxía lingüística.<br>8. Literatura nos Séc. Escuros: literatura popular e culta. Tipos. Títulos. Argumentos.<br>9. Ilustración: definición, nacemento, características e obxectivos. Ilustrados galegos: nomes, reinvidicacións lingüísticas, papel na codificación da lingua; traballos literarios. | 5 | 6 | | | X |
| 13 | LINGUA E LITERATURA NO SÉCULO XIX | 1. Periodización e contextualización: as tres etapas.<br>2. Literatura no 1º terzo: feitos históricos e literatura predominante de tipo propagandístico: temas, títulos e causa do uso do galego como lingua literaria.<br>3. Literatura no 2º terzo: PRERREXURDIMENTO; feitos históricos relacionados co nacemento do Estado liberal. Nacemento do movemento galeguista: o Provincialismo. Literatura | 5 | 6 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 13 | LINGUA E LITERATURA NO SÉCULO XIX | predominante: temas, títulos e causa do uso do galego como lingua literaria. O Prerrexurdimento. Principais Precursores: nomes, obras, argumento e lingua de 'A gaita gallega'.<br>4. O nacemento do 'espazo público burgués' e da 'publicidade literaria': Banquete de Conxo, Liceo de la Juventud, faladoiros literarios, periódicos galegos...<br>5. Literatura no 3º terzo: REXURDIMENTO; as novas etapas do movemento galeguista: o Rexionalismo e os seus representantes. O Rexurdimento: xénese e características. Xénero predominante, autores máis importantes, temas máis comúns, tipo de lingua. Principais autores. | 5 | 6 | | | X |
| 14 | LINGUA E LITERATURA NO REXURDIMENTO: ROSALÍA DE CASTRO | 1. A autora: aspectos da súa vida que influíron na súa obra.<br>2.  A obra en galego: Cantares Gallegos e Follas Novas; datas de publicación; estrutura dos poemarios; relación de Cantares Gallegos co comezo do Rexurdimento e coa celebración do Día das Letras Galegas.<br>3. Os temas predominantes: social (os obxectos da denuncia), costumista e intimista (o uso de símbolos). Estilos literarios nos que se insiren.<br>4. Poemas paradigmáticos: A xustiza pola man; Castellanos de Castilla; Xan; Prá Habana, Tecín soia a miña tea, Unha vez tiven un cravo. Negra sombra...<br>5. O papel da muller na literatura.<br>6. A recepción da súa obra: da crítica á canonización. A visión sesgada da súa literatura.<br>7. Tipo de lingua utilizada. | 6 | 6 | | | X |
| 15 | LINGUA E LITERATURA NO REXURDIMENTO: CURROS ENRÍQUEZ | 1. O autor: aspectos da súa vida que influíron na súa obra. Episodios negativos na relación co pai, coas mortes familiares, co xuízo pola ofensa aos sentimentos relixiossos, emigración a Cuba...<br>2. A obra en galego: Aires da miña terra e O divino sainete: datas de publicación; estrutura. O escándalo e a publicidade. Argumento e personaxes de O divino sainete.<br>3. Os temas predominantes: social (os obxectos da denuncia), costumista e intimista.<br>4. Poemas paradigmáticos: Mirando o chau; O maio; Da chegada a Ourense da primeira locomotora; Ai; Na morte da miña nai; O gueiteiro de Penalta. Do mar pola orela...<br>5. Contribución á creación dun sistema | 6 | 6 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15 | LINGUA E LITERATURA NO REXURDIMENTO: CURROS ENRÍQUEZ | literario galego: influencia na canonización de Rosalía; o salto á fama e a expansión da recepción popular da literatura galega; a contribución á creación da fundación da RAG.<br>6. Tipo de lingua utilizada. | 6 | 6 | | | X |
| 16 | LINGUA E LITERATURA NO REXURDIMENTO: EDUARDO PONDAL | 1. O autor.<br>2. A obra en galego: Queixumes dos pinos e Os Eoas. Xénero e contido das dúas obras. A diversificación xenérica: a épica d'Os Eoas.<br>3. Os temas predominantes: patriotismo, celtismo, simboloxía e oposicións binarias; misoxinia, natureza, reinvidicación lingüística.<br>4. Poemas paradigmáticos.<br>5. Contribución á creación dun sistema literario galego: ; a contribución á creación da fundación da RAG; reivindicacións lingüísticas; a xénese do himno galego.<br>6. A nova lingua literaria culta e supradialectal (comparación coa de Rosalía e Curros).<br>7. Os comezos da extensión xenérica. Literatura galega "Antre dous séculos" (1890-1916). Lamas Carvajal. López Ferreiro. | 6 | 6 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | LINGUA E COMUNICACIÓN | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Distingue os conceptos de comunicación, linguaxe, código (natural e substitutivo) e lingua.<br>Identifica os elementos da comunicación e coñece os conceptos de ruído e redundancia.<br>Define e identifica as iconas, os símbolos e os signos. Distíngueos dos indicios. | PE | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Coñece as características do signo lingüístico e exemplifícaas.<br>Explica a natureza dobremente articulada das linguas naturais, as súas unidades e as súas vantaxes.<br>Coñece a relación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor: identifica as funcións da linguaxe. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | TEXTO 1: A EXPOSICIÓN E O DISCURSO ORAL | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Nunha exposición oral, utiliza correctamente material multimodal de apoio e evita a simple reprodución textual nas diapositivas.<br>Usa os recursos máis eficaces para manter o fío do discurso sen perderse e para atraer a atención e ilustrar o contido. | TI | 100 |
| CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Fai unha exposición oral planificada, axustada ao tempo (entre 4,5 e 5,5 min) e ao xénero; está correctamente estruturado; o contido é informativo, rigoroso e veraz, o rexistro formal. Léxica e gramaticalmente e correcto, cohesionado e coherente.<br>Hai fluidez na presentación (na voz e no corpo). | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Nunha exposición oral, introduce conectores textuais e usa un léxico rico, preciso e formal.<br>Enriquece o texto e aumenta o interese cun título descritivo, un gancho de apertura e un broche de peche. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | Nunha exposición oral, o contido ten un nivel que denota preparación e investigación e na presentación o alumno preséntao facéndoo seu. Non utiliza imaxes nin vídeos de apoio que non respecten a propiedade intelectual. | | |
| CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información. | Nunha exposición oral utiliza fontes fiables e transmite contidos veraces. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Nunha exposición oral utiliza a sintaxe típica do discurso oral, con inflexións, e non reproduce memoristicamente un discurso escrito.<br>Utiliza conectores textuais para estruturar o texto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística<br>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.<br>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. |

| Contidos |
| --- |
| - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.<br>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 3 | SUBSTANTIVO E ADXECTIVO | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Define os subst. con precisión usando hiperónimos.<br>Define os adxect., identificando a operación de cualificación cos SPrep. e oracións de relativo.<br>Corrixe as interferencias típicas do castelán tocantes ao xº, nº e uso das conxuncións comparativas.<br>Prima as formas estándar sobre as dialectais. | PE | 100 |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Reflexiona formalmente sobre o subst. e o adx.<br>Clasifica semanticamente os subst. e os adx. (tipos de cualificación): especificativos, explicativos e epítetos.<br>Coñece as estruturas comparativas e superlativas e as súas formas cultas e sintéticas.<br>Identifica as funcións típicas do adx. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. |

| Contidos |
|---|
| - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).<br>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.<br>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | PRONOMES PERSOAIS, RELATIVOS, INTERROGATIVOS E EXCLAMATIVOS | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identifica os matices semánticos dalgúns pronomes e sabe usar os dativos de interese e solidariedade.<br>Evita interferencias e usa o estándar dos pronomes, colócaos correctamente e concorda ben as variantes de cortesía.<br>Selecciona e escribe correctamente os relativos, interrogativos e exclamativos. | PE | 100 |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Reflexiona formalmente sobre os pronomes.<br>Coñece os seus paradigmas, defíneos morfoloxicamente e explica o seu tipo, función e posición.<br>Distingue os valores do 'se'. Identifica as interferencias do castelán na reflexividade e nos verbos pronominais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.<br>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).<br>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | DETERMINANTES: ARTIGO, DEMOSTRATIVO, POSESIVO, IDENTIFICADORES E CUANTIFICADORES | 3 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Evita interferencias e usa a forma estándar dos determinantes: artigos (2ª forma do artigo), demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos.<br>Fai correctamente as contraccións correspondentes con preposicións, conxuncións...<br>Incorpora formas especiais: daquela, aquelar, cadanseu, de seu... | PE | 100 |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Reflexiona sobre os determinantes.<br>Clasifícaos e coñece os seus paradigmas e os valores semánticos asociados.<br>Distingue as operacións de identificación e cuantificación.<br>Identifica as formas, funcións e valores semánticos especiais dos determinantes.<br>Distingue os adxectivos dos pronomes. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.<br>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).<br>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | TEXTO 2: A ARGUMENTACIÓN E O DISCURSO ESCRITO. ADVERBIOS, PREPOSICIÓNS, CONXUNCIÓNS | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Distingue información de opinión.<br>Identifica a tese (o sentido global e a intención) en textos argumentativos orais e multimodais.<br>Comprende a arte da persuasión usada na publicidade.<br>Detecta as falacias. | PE | 90 |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | Redacta textos argumentativos creativos e persuasivos, axustados ao xénero e nivel. Están correctamente estruturados, con contido adecuado en cada parte. Identifícanse claramente a tese e os argumentos, que son variados e rigorosos. O texto está cohesionado e é coherente e non contraditorio. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Redacta textos argumentativos estruturados con conectores do discurso e introduce os argumentos con conectores lóxicos, modais... Usa unha lingua correcta e un léxico rico, preciso e formal. Enriquece o texto e aumenta o interese cun título descritivo, un gancho de apertura e un broche de peche. | | |
| CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | Busca información que axude a conformar unha opinión propia, e intégraa ou descártaa dependendo das súas conviccións. | | |
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Distingue información de opinión.<br>Identifica a tese (o sentido global e a intención) en textos argumentativos escritos e multimodais propios dos medios de comunicación e das redes sociais.<br>Detecta as falacias. | | |
| CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Integra nos textos argumentativos variedade de conectores lóxicos (causais, consecutivos, finais, condicionais...) e doutro tipo de conectores. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Relaciona a subordinación adverbial impropia coa expresión das conexión lóxicas típicas da argumentación.<br>Constrúe oracións disxuntivas, causais, consecutivas, finais, condicionais... utilizando correctamente nexos variados.<br>Apóiase no uso de dicionarios e recursos online para mellorar os textos. | | |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Reflexiona formalmente sobre os adverbios, preposicións e conxuncións e coñece os seus paradigmas.<br>Distingue os distintos tipos de conxuncións e en cada grupo coñece conxuncións sinónimas. | | |
| CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Participa en debates espontáneos e planificados utilizando recursos argumentativos (diferentes tipos de argumentos; contraargumentos). Os datos que utiliza son correctos. Hai coherencia global entre a tese defendida e os argumentos utilizados. O rexistro é o adecuado. | TI | 10 |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Debate e discrepa dándolle tanta importancia ao que di como ao que escoita, sendo cortés, e cunha actitude aberta a cambiar de opinión ou a matizala. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística<br>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |

| Contidos |
|---|
| - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. |
| - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias |
| - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. |
| - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. |
| - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. |
| - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. |
| - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. |
| - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 16 | LINGUA E LITERATURA NO REXURDIMENTO: EDUARDO PONDAL | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Aprende, canta en grupo e reproduce por escrito o himno galego.<br>Relaciona o himno galego polo seu tema e finalidade con outros himnos (nacionais, deportivos, etc.) e discute sobre o asunto na clase. | PE | 95 |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Relaciona a obra de Eduardo Pondal co seu contexto.<br>Coñece estrutura, estilo e temas de 'Queixumes dos pinos' e d'Os Eoas.<br>Interpreta fragmentos.<br>Coñece o rol do autor na creación dun sistema literario galego.<br>Coñece as características da súa lingua literaria.<br>Coñece os inicios da extensión xenérica | | |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Le o capítulo 'O Rexurdimento' do cómic 'Compostela, historia dunha lenda' e explica de maneira guiada os principais feitos históricos, os personaxes involucrados e a relación do movemento galeguista co Rexurdir da literatura galega (desde o Banquete de Conxo aos textos de Murguía). | TI | 5 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega ¿e tamén do ámbito lusófono¿, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.<br>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.<br>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.<br>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.<br>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.<br>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.<br>- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.<br>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias<br>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.<br>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. |

| Contidos |
| --- |
| - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: o desenvolvemento de habilidades na compresión oral e lectora e na expresión oral e escrita que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas e a súa integración e promoción social, e a consecución de obxectivos curriculares que lle permitan un mellor coñecemento do seu pasado e dos elementos culturais -particularmente lingüísticos e literarios, pero nunca illados doutras manifestacións históricas- que lles faciliten analizar, interpretar e coñecer o seu presente e proxectarse cara ao futuro.

Velaquí algúns apuntamentos metodolóxicos, en relación aos obxectivos perseguidos:

A COMPETENCIA COMUNICATIVA EN GALEGO
- O uso do galego nas clases é obrigatorio, pero o propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega do alumnado, tendo en conta que a competencia comunicativa non é un simple 'sei falar galego', senón que ten que ver cunha serie de habilidades que inclúen a capacidade de elaborar textos orais, dialogais e escritos de distintos tipos e xéneros textuais.
- Daráselle importancia a aspectos como a corrección, a precisión, a riqueza léxica e a adecuación dos textos e traballarase non só a escrita, senón tamén a oralidade. No tocante á corrección, particularmente nas unidades orientadas á aprendizaxe da gramática vincularanse os conceptos aprendidos con prácticas que perseguen o coñecemento e uso da norma estándar, evitar interferencias co castelán e ampliar o repertorio. En canto ás unidades orientadas á aprendizaxe comunicativa e textual, traballarase a adecuación, a coherencia e a cohesión, o coñecemento e uso dos rexistros, a estrutura dos textos, a aplicación doutras convencións textuais, etc.
- Búscase, en definitiva, que o alumnado sexa quen de se expresar nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).

O COMPROMISO CO USO DO GALEGO
- Amais do coñecemento do código, fomentarase tamén a adhesión ao uso do galego en todos os contextos da vida, poñendo de manifesto a través de diferentes unidades as tradicionais eivas no estatus e no corpus que sufriu a lingua galega, e convidando -mesmo a través do currículo oculto- o noso alumnado a permanecer fieis a unha lingua materna que aínda é a maioritaria entre a rapazada da comarca de Ordes.

O ACHEGAMENTO AO PORTUGUÉS
- Por outra banda, o achegamento ao portugués, o coñecemento de certas nocións básicas do idioma e a comprensión da nosa historia común facilitarán a intercomunicación nas dúas linguas e a adquisición de habilidades que, alén de achegarnos ao país veciño, nos abran a todo un mundo que é o da lusofonía, cheo de posibilidades culturais e laborais.

O DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA
a) Metodoloxías variadas: Ao longo do curso nas clases utilizaranse fragmentos de clase maxistral, presentacións de diapositivas, prácticas con exercicios específicos e con actividades de desenvolver, traballos... e, sobre todo, análise de moitos textos e en formatos variados (escritos, orais, musicais, audiovisuais, cómic...).
b) Tarefas complexas: Pídese xa nesta etapa a realización de tarefas nas que o alumnado debe mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes. Na análise de textos variados cómpre mobilizar toda unha serie de coñecementos previos (acordes á súa idade e nivel académico), a comprensión lectora (non só literal, senón como mínimo inferencial e crítica) e a relación co contexto sociocultural na que se produciu e contraste coa realidade do alumnado. Procuramos así contribuír a formar persoas informadas, cultas e críticas.
c) Espertar e manter a atención e o interese: No desenvolvemento das clases utilízanse estratexias metodolóxicas

que buscan focalizar a atención do noso alumnado no que teñen que ver, oír e lembrar. Unha delas é a de potenciar a interacción oral constante entre o alumno e o docente, a través de apelacións e preguntas ao gran grupo. Outra é a estratexia da 'provocación', moi útil co alumnado adolescente, co obxectivo de lograr unha adhesión ou oposición inicial que supoña un revulsivo e incremente a súa atención e interese polos temas propostos.
d) Contextualización da aprendizaxe: Cada unidade comeza cunha pequena contextualización e con algún incipit oral que trata de determinar os coñecementos previos do alumnado para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se van impartir. Por outra banda, procurarase que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo, os coñecementos previos e o contexto sociocultural do alumnado. Vincular as aprendizaxes a contextos reais, ben individuais, ben colectivos, é tamén un dos propósitos da materia: por exemplo ser conscientes de que a nosa lingua é unha ferramenta indispensable para establecer vínculos sociais, e que o seu dominio conduce a unha mellora das posibilidades afectivas e laborais, ou de que a ampliación do noso acervo literario e cultural é fundamental para a explicación do 'nós' como pobo e perceptible en todo o que nos arrodea.
c) Aprendizaxe significativa e construtiva: Para acadar este obxectivo procurarase tratar os conceptos de xeito rigoroso, completo e preciso, e combinar a memoria coa comprensión, exemplificación e aplicación dos conceptos. Non abonda cunha aprendizaxe superficial e simplemente memorística asignificativa. Tampouco abonda cunha aplicación intuitiva pouco rigorosa, sen rexistro na memoria e desligada dunha reflexión académica.
d) Traballos cooperativos: Poderanse propoñer, dependendo do desenvolvemento do curso, traballos e proxectos de investigación ou de creación en liña coa ensinanza por competencias, para fomentar a autonomía, a autoestima e para visibilizar as diferentes fortalezas do alumnado. Poderán ser individuais, pero tamén cooperativos, co obxectivo de mellorar os vínculos entre o alumnado e de estimular as habilidades sociais básicas, a asunción de responsabilidades, o respecto ao punto de vista dos demais, a adaptación ás necesidades colectivas e a delimitación das propias capacidades.
e) Interdisciplinariedade e fomento doutras competencias: Na elaboración destes traballos, ou ben noutras actividades complementarias ou extraescolares, favorecerase a a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e co equipo de biblioteca, mais tamén con outros departamentos, plans e proxectos do centro (Polos Creativos, Aliméntate ben, Erasmus...) como mellor vía para promover actuacións, saídas didácticas, exposicións, espectáculos... e para traballar transversalmente outras destrezas e competencias como a dixital, a audiovisual, a artística, a científica, o emprendemento, etc.
f) Competencia dixital en lingua galega: Procurarase tamén o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos, a súa posterior divulgación, o respecto dos dereitos da propiedade intelectual, etc.
g) Compromiso ético: Na selección de textos, proxectos, actividades, e mesmo no enfoque das lecturas da nosa historia da literatura, tratarase de fomentar o compromiso do alumnado cos valores éticos comunmente aceptados nas sociedades plurais e democráticas (respecto ao marco democrático, defensa dos dereitos humanos, convivencia igualitaria e inclusiva, igualdade de dereitos e oportunidades, resolución pacífica de conflitos, loita contra o sexismo, racismo..., tolerancia, cooperación, solidariedade, etc.).
h) Cultivo da sensibilidade estética e cultural: Nas clases faranse constantes apelacións intertextuais e conexións entre diferentes tradicións literarias e disciplinas artísticas. O obxectivo é fomentar o enriquecemento do acervo cultural do alumnado, que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e da arte en xeral e que insira a nosa tradición artística e literaria nas correntes da cultura europea e universal. Un segundo obxectivo é que se convirta en protagonista desta tradición e sexa consciente das súas posibilidades de expresión, para o que se proporá a realización de traballos, exposicións, recitais...

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
| --- |
| RECURSOS BÁSICOS |
| - Libro de texto 'Lingua galega e literatura 1º Bacharelato', Isabel González Avion, Emilio Xosé Ínsua López, Baía Edicións, Consorcio Editorial Galego |
| - Aula virtual do IES Ordes <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesordes/aulavirtual/> |
| OBRAS DE LECTURA OBRIGATORIA |

| |
|---|
| - 'Memoria da choiva', de Pedro Feijoo (ed. Xerais) |
| - 'Senlleiras', de Antía Yáñez (ed. Galaxia) |
| - 'Deixe a súa mensaxe despois do sinal', de Arantza Portabales (ed. Galaxia) |
| - 'A culpa', de María Solar (ed. Xerais) |
| DICIONARIOS, VOCABULARIOS, NORMAS, ATLAS |
| - Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega (versión reducida, en pdf descargable), ILG <https://www.lingua.gal/o-galego/conhecelo/normas-ortograficas-e-morfoloxicas> |
| - DRAG - Dicionario da Real Academia Galega <https://academia.gal/dicionario> |
| - VOLG - Vocabulario ortográfico da lingua galega, RAG / ILG, Galaxia <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg> |
| - Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora <https://rinoceronte.gal/dicionario/> |
| - Digalego - Dicionario de galego <https://digalego.xunta.gal/gl/digalego> |
| - Dicionário Estraviz <https://www.estraviz.org/> |
| - Dicionario de dicionarios, ILG (https://ilg.usc.gal/ddd/) |
| - Dicionario visual interactivo para o alumnado procedente do estranxeiro <http://centros.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/> |
| - Dicionario de pronuncia da lingua galega, ILG, Xosé Luis Regueira (dir.) <http://ilg.usc.es/pronuncia/> |
| - ALGA - Atlas lingüístico galego <http://ilg.usc.es/gl/proxectos/atlas-linguistico-galego-alga> |
| - CAG - Cartografía dos apelidos de Galicia, ILG <https://ilg.usc.es/cag/> |
| - Guía de nomes galegos, RAG <https://academia.gal/nomes/> |
| - O Portal das Palabras, RAG e Fundación Barrié <http://www.portaldaspalabras.org/> |
| - Aulas galegas <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/> |
| - Lex.gal - Dereito galego consolidado <https://www.lex.gal/portada> |
| RECURSOS E ACTIVIDADES GRAMATICAIS ONLINE |
| - Aprendo Galego <http://aprendogalego.com/index.html> |
| - ogalego.eu, web Vitoria Ogando e Anxo González Guerra <https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/galegogal.html> |
| - Conxugador de verbos galegos, de Manuel Rosales Graña <http://cotovia.org/proxecto/conxugador/index.html> |
| - O ximnasio dos verbos <https://lorientado.github.io/XimnasioDosVerbos/> |
| - Conshuga - Conxugador de verbos galegos, USC <https://gramatica.usc.es/pln/gl/tools/conjugador/conjugador.php> |
| RECURSOS PARA OS CONTIDOS SOCIOLINGÜÍSTICOS, HISTORIA DA LINGUA, HISTORIA DA LITERATURA |
| - Galego XXI <http://www.blogoteca.com/galegoxxi/index.php> |
| - Vídeo Youtube Ben falado, CRTVG (Galego-portugués no século XVIII) <https://youtu.be/D2RTjxwIpGU> |

| |
|---|
| - Webserie 'Falemos do Reino de Galiza' <playlist en https://www.youtube.com/watch?v=6klY0lsh__o&list=PL_klgcpZ1yn66xR6Fgv-HmYcexE_J1zL9> |
| - Vídeos 'Historias de Galicia' <playlist en https://www.youtube.com/watch?v=f3K8jz_OATg&list=PLrhVhk6BZIukep2UNSykc1mis7c72D5H4> |
| - Vídeo 'Historias de Galicia' (cap. 5: "Lingua de reis, lingua do pobo") <https://youtu.be/2NkbLgvRftk> |
| - Vídeo 'O que é lusofonía' <https://youtu.be/Yc1Vd1NLLlU> |
| - Historia da lingua galega, de Pepe Carreiro, Baia Edicións |
| - Blogoteca, Vichelo, miráchelo <http://www.blogoteca.com/vichelo> |
| - Cómic 'A retirada de Sir John Moore' |
| - Cómic 'Compostela, historia dunha lenda' |
| - Cómic 'Das Orixes á Unión Europea, Historia da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal' <shorturl.at/abnw6> |
| - Ronseltz, Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados (poemas online parodia das cantigas medievais) |
| TEXTOS MUSICADOS |
| - Canción 500 Anos de Sobrevivência», de Gabriel O Pensador (en portugués do Brasil) <https://youtu.be/KUU9bfNHBFI> |
| - Canción 'Més fort' de Tanxugueiras (en catalán) <https://youtu.be/J_-E0mSB5GE> |
| - Romance 'Historia da lingua galega', Darío Xohán Cabana: texto <https://issuu.com/cacharron7/docs/romance_da_lingua_galega>, versión musicada d'A Quenlla <https://youtu.be/DJinbmFDvk4> |
| - Son de poetas <http://sondepoetas.blogspot.com/> |
| - Cantiga de amigo: Fui eu, madre, en romaría a Faro <https://youtu.be/bWiDUnq0eUs> |
| - Cantiga de amor: A dona que eu amo e tenho por senhor <https://youtu.be/W_EbtGyylHg> |
| - Cantiga de escarnio moderna: Que traballe o rei, de Dios ke te crew <https://youtu.be/DoY8D54q4I4> |
| - Cantiga de Santa María: Santa Maria, Strela do dia <https://youtu.be/UbwO5fw3LIs> |
| - Versións musicadas de poemas de Rosalía, Curros e Pondal |

O alumnado terá ao longo do curso ao seu alcance unha morea de recursos didácticos presentados polo profesorado a través das pantallas dixitais na aula, a través da aula virtual ou fisicamente en papel.
Contará co libro de texto, pero ademais o profesorado utilizará materiais variados: presentacións de diapositivas, textos en formatos moi variados (escritos, orais, musicais, audiovisuais, fotografías, cómic...). As aulas están equipadas con ordenadores, conexión a internet, canons e pantallas dixitais: a través delas pódese acceder a multitude de materiais almacenados na memoria do PC ou dun pen drive, e a toda a información e a infinidade de recursos da web. Como mostra, detállanse algúns destes recursos e materiais, pois a listaxe é enorme e en constante renovación.
Por outra banda, a biblioteca do centro ofrece un catálogo moi completo de lecturas informativas, de obras literarias de todos os xéneros e épocas, antoloxías, libros de texto, mapas, xornais, películas, etc. Tamén ofrece recursos dixitais para consultar información e realizar traballos de investigación (ordenadores accesibles para o alumnado, con conexión a internet, etc.).

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial ten como finalidade diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado. Efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos necesarios, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

A avaliación inicial poderase realizar de varias maneiras:
- dunha maneira indutiva a través da observación ou da análise dalgún texto oral, escrito ou audiovisual;
- coa realización dalgunha produción oral ou escrita, non necesariamente relacionada co temario, que poña de relevo a madurez do alumno;
- cunha proba específica que inclúa cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística ou literatura referidas ao aprendido no nivel ou etapa anterior.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| **Unidade didáctica** | **UD 1** | **UD 2** | **UD 3** | **UD 4** | **UD 5** | **UD 6** | **UD 7** | **UD 8** | **UD 9** | **UD 10** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **8** | **8** | **8** | **8** | **3** | **5** | **7** | **8** | **7** | **5** |
| **Proba escrita** | 100 | 0 | 100 | 100 | 100 | 90 | 100 | 95 | 95 | 85 |
| **Táboa de indicadores** | 0 | 100 | 0 | 0 | 0 | 10 | 0 | 5 | 5 | 15 |

| **Unidade didáctica** | **UD 11** | **UD 12** | **UD 13** | **UD 14** | **UD 15** | **UD 16** | **Total** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **5** | **5** | **5** | **6** | **6** | **6** | **100** |
| **Proba escrita** | 95 | 93 | 85 | 95 | 100 | 95 | **88** |
| **Táboa de indicadores** | 5 | 7 | 15 | 5 | 0 | 5 | **12** |

**Criterios de cualificación:**

Para os efectos de cualificación, os contidos distribúense en tres trimestres, aos que corresponde cadansúa nota. O trimestre considérase aprobado cunha nota mínima de 5.
Para establecer esta media avalíanse as probas, as tarefas realizadas a diario e unha lectura obrigatoria. As porcentaxes establecidas para cada parte son as seguintes:

a) Probas e tarefas orais e escritas: 90%
- O 90% da avaliación da materia corresponderá ás unidades didácticas (polo tanto, a nota destas será ponderada

polo 90%).
- Entran neste apartado todas aquelas PROBAS e TAREFAS das que se esixa entrega e que leven asociada unha nota na súa corrección.
- Numero de exames: Por regra xeral realizaranse dúas probas escritas por trimestre. Este número pode variar en función das circunstancias do curso e do avance na materia. Estes exames, xunto coas demais probas (comentarios, etc.) poderanse realizar sen previo aviso ou ben convocalas con antelación.
- Tipo de probas: As probas orais e escritas poden ser de distintos tipos: con preguntas obxectivas, comentarios, desenvolvemento dun tema, test, redaccións, traballos, exposicións, recitados... Das probas orais deixarase constancia no caderno ou fichas do profesor.
- Corrección na expresión escrita e oral: poderase descontar ata 2 puntos na cualificación por erros lingüísticos na expresión escrita ou nas probas orais: incorreccións léxicas, morfolóxicas e sintácticas, erros ortográficos e na puntuación e acentuación, na coherencia e na cohesión. Valorarase tamén a presentación adecuada dos escritos e das probas.
- Fraude: O alumnado que cometa fraude durante a realización dunha proba (copiar nun exame, plaxio nunha tarefa...) será cualificado cun 0 nesa proba.

b) As lecturas: 10%
- O 10% da avaliación da materia corresponderá á lectura obrigatoria dunha obra literaria (polo tanto, a nota obtida nesta será ponderada polo 10%).
- Un dos obxectivos perseguidos no curso é comezar a configurar un itinerario lector, enriquecéndoo cada vez con obras máis complexas e ser quen de ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea. De aí que o Departamento de Galego esixa a lectura das seguintes obras:
1ª avaliación: 'Senlleiras', de Arantza Portabales (Galaxia).
2ª avaliación: "Deixe a súa mensaxe despois do sinal", de Arantza Portabales (Galaxia)
3ª avaliación: "A culpa", de María Solar (Xerais)
*Calquera das lecturas poderá ter como alternativa "A memoria da choiva", de Pedro Feijoo (Xerais) se o alumno xa a realizou previamente por conta propia ou porque xa a tivera programada noutro centro en cursos anteriores.
- As probas de lectura: Para a avaliación destas lecturas, o alumnado deberá realizar unha proba escrita, na que demostre non só a realización da lectura, senón tamén a súa comprensión. Esta proba escrita poderá ser substituída por outra proba de tipo oral ou tarefa indicada polo profesorado no tempo e forma establecidos.
- As obras de lecturas propostas serán unicamente avaliadas en cadanseu trimestre e non serán obxecto de recuperación.

c) O traballo diario e a progresión individual
O profesor poderá redondear á alza a nota con ata 0,5 puntos extra no caso do alumnado no que perciba unha especial progresión individual desde o seu punto inicial ou ben un especial esforzo e capacidade de superación.
Pode utilizar os seguintes instrumentos para valoralo:
- A observación directa do traballo e da participación relevante na aula.
- A utilización da lingua galega e o esforzo no uso correcto do código.
- As tarefas de realización diaria realizadas na aula ou na casa, postas á disposición da profesora se esta o require. Nelas apreciarase que estean convenientemente actualizadas no caderno ou en calquera outro soporte utilizado, que estean completas, realizadas con especial atención e dedicación, a correcta realización das actividades, a autocorrección dos exercicios por parte do alumnado, a expresión, a ortografía, a orde, a claridade, a presentación, a limpeza, e calquera outro aspecto que se considere relevante.

d) Traballos extra
- Tamén se deixa aberta a porta á realización de traballos que poderán subir a nota do trimestre: lecturas extra e traballos elaborados sobre elas, proxectos artísticos, literarios, videográficos ou cinematográficos, entrevistas...
- A súa realización, de ser o caso, consensuarase co profesor/a e establecerase a puntuación extra que poden supor dependendo da súa envergadura. Esta puntuación extra nunca excederá 1 punto no global do trimestre.

e) O uso do galego oral e escrito
- En canto ao uso do galego como lingua vehicular durante o desenvolvemento das sesións e na comunicación entre docente e alumno/a, é obrigatorio. No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese: "2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".
- O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua, que

é o núcleo da propia materia. Se a falta é parcial, a penalización tamén o será.
- Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos.
- Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba de 1º bacharelato lle corresponderían os 3 puntos de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

A CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA DO CURSO
- Aprobará o curso ao remate da 3ª avaliación aquel alumnado que obteña de media como mínimo un 5 entre as tres avaliacións.
- A nota final ordinaria será a media aritmética das tres avaliacións.
- Nos casos nos que esta media non sexa exacta aplicarase un segundo criterio que é establecer a media de todas as probas, tarefas e lecturas realizadas ao longo do curso, que determinará cara a que díxito se redondeará a media final.

**Criterios de recuperación:**

A RECUPERACIÓN DOS TRIMESTRES
- Cando algún trimestre sexa avaliado de maneira negativa estableceranse mecanismos de recuperación da avaliación enteira ou da parte suspensa ao longo do curso.
- Tipicamente realizarase a recuperación da 1ª avaliación ao longo do 2º trimestre, e da 2ª avaliación ao longo do 3º trimestre.
- Non haberá recuperación da 3ª avaliación.
Para aprobar a materia na convocatoria ordinaria cómpre obter un 5 de media entre as tres avaliacións. Dado que os números enteiros obtidos en cada trimestre non reflicten exactamente a puntuación obtida (por exemplo, non é o mesmo un 5,8 ca un 6,6 para un 6 de media nunha avaliación), como segundo criterio para ser xustos na avaliación final do alumnado terase en conta a media das medias exactas de cada trimestre.
A CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
- O alumnado que non aprobe na convocatoria ordinaria de comezos de xuño poderá recuperar a materia no exame da convocatoria extraordinaria de finais de xuño.
- O tempo que medie entre as convocatorias ordinaria e extraordinaria dedicarase á explicación e/ou á realización de actividades de reforzo para preparar a proba.
- Nesta proba entrará toda a materia, pero non se avaliarán as obras de lectura. Para acadar o aprobado cómpre obter un 5.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que promocionase a 2º BAC sen superar a Lingua Galega de 1º BAC seguirá un programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa.

Ao longo do primeiro trimestre será informado:
- Do docente responsable do seguimento e avaliación, que no caso de 1º BAC será a xefa de Departamento.
- Dos contidos da materia: para iso, contarán cun índice na Aula virtual, co contido organizado en unidades didácticas.
- Dos materiais e actividades de apoio. Na Aula virtual contarán con exercicios de autocorrección e con cadernos de actividades que poden entregarlle á profesora. A realización dos cadernos non suporá ningunha parte da nota final, ao non se poder certificar que persoa os resolveu. Servirán para a exercitación, e a profesora correxiraos trala súa entrega voluntaria e faralle ao alumnado a explicación oportuna dos erros.
- Do número de probas: haberá dúas probas parciais e, de non superarse así a pendente, haberá unha proba final na que entrará toda a materia. En cada proba avaliarase cadanseu bloque (na primeira os contidos lingüísticos e na segunda os contidos sociolingüísticos e literarios).
- Do calendario das probas, que fixará o Departamento de Lingua Galega, de ser posible de común acordo co alumnado.

### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede neste curso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Un dos compromisos do Departamento de Galego é o compromiso coa equidade, coa inclusión e coa xustiza social.
Para poder levar á práctica este compromiso e establecer medidas de atención á diversidade efectivas, debemos coñecer en primeiro lugar información relevante sobre o noso alumnado e sobre os grupos nos que estudan.
Esta información recadarase a través da reunión de avaliación inicial, dos informes previos proporcionados polo Departamento de Orientación, e a través de diálogos/debates/escritos... na aula que permitan que o docente coñeza os estudantes e mesmo eles a si mesmos.

A INFORMACIÓN E AS MEDIDAS DE GRUPO:
Con respecto ao grupo, a información de base fundamental é a seguinte:
A) Funcionamento do grupo
- O número de alumnos e alumnas de cada grupo e os puntos fortes e febles que se identifican en canto ao clima da aula, nivel de disciplina, atención...
- As necesidades identificadas poden condicionar decisións relativas á xestión da aula, dos seus espazos...
B) Desenvolvemento xeral dos contidos curriculares:
- Os puntos fortes e febles que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades identificadas poden condicionar as estratexias metodolóxicas, un especial seguimento, etc.
C) Aspectos competenciais
- Recadarase información sobre os puntos fortes e febles que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- As necesidades identificadas poden condicionar focalizar a atención máis ou menos en determinados aspectos lingüísticos (a oralidade, o coñecemento do estándar, a corrección, a expresión escrita, etc.).

A INFORMACIÓN E AS MEDIDAS INDIVIDUAIS:
Con respecto a cada alumno/a en concreto, cómpre tamén recadar información para coñecer aspectos individuais que sexan relevantes educativamente. A partir dela poderemos adoptar medidas especiais de atención á diversidade:
Durante o curso 2022-23 non se detectaron na aula casos de alumnado con Necesidades Educativas Especiais, trastornos da linguaxe, vulnerabilidade socioeducativa, altas capacidades, etc.
Si que se detectaron outras necesidades, derivadas das lagoas curriculares de base, falta de hábitos de estudo, de atención, de organización, e hai varios casos de alumnos de procedencia foránea con descoñecemento total ou déficits importantes no uso da lingua galega (por exemplo, un alumno de orixe xaponesa ao que xa lle rematou a exención).
a) Alumnado con dificultades de aprendizaxe
- Incluímos neste grupo o alumnado sen ningún trastorno que ten dificultades para o seguimento da materia debido á falta de coñecementos de base, de expresión e de comprensión lectora, de hábitos de estudo...
- Con este alumnado en mente, ao comezo dos temas repasaranse en gran grupo algunhas nocións xa estudadas en cursos previos que serven de apoio para a asimilación dos novos contidos.
b) Alumnado con dificultades de atención e organización
- Incluímos neste grupo o alumnado sen ningún trastorno que ten dificultades de atención e de organización dos materiais e do proceso individual de
- Con este alumnado en mente, utilizarase como apoio a aula virtual para achegar un índice detallado dos contidos de cada unidade que lle sirva ao alumnado para organizar os apuntamentos na casa e para relacionar o explicado na clase cos apartados do libro de texto. Serviralle tamén como autoavalición previa do seu proceso de aprendizaxe.
- Tamén se utilizará para remitir o alumnado menos atento ou participativo nas actividades orais realizadas na aula e en gran grupo a recursos e numerosas actividades individuais extra para exercitar o aprendido na casa (algunhas delas con autocorrección).
- Utilizaranse ademais cando proceda recursos de apoio visual ás explicacións orais: presentacións en diapositivas, recursos dixitais...
c) Alumnado foráneo con descoñecemento da lingua galega

- Incluímos neste grupo o alumnado de fóra de Galicia que chegou aquí recentemente e descoñece a lingua galega. Establecemos dúas casuísticas:
* A do alumnado que leva menos de dous anos en Galicia, con descoñecemento total da lingua, que ten a posibilidade de exención en lingua galega. Procuraránselle materiais para que a vaia aprendendo.
* A do alumnado que xa leva dous anos ou máis en Galicia e ten como lingua de partida unha lingua próxima ao galego; unha vez rematado o periodo de exención, o alumnado deberá ser capaz de utilizar comunicativamente a lingua galega, tras un prazo razoable para aprendela.
* A do alumnado de procedencia estranxeira que ten como lingua de partida unha lingua moi lonxana ao galego e ao que xa lle rematou o período de exención. Neste caso poderase adoptar a medida curricular de privilexiar o desenvolvemento da súa competencia comunicativa en galego e os contidos curriculares máis culturais e sociolingüísticos sobre a reflexión gramatical, dada a dificultade que conleva.

O SEGUIMENTO DO ALUMNADO
Cómpre, en último lugar, establecer o modelo de seguimento deste alumnado.
- Dedicaráselle un tempo especial nas xuntas ordinarias de avaliación, para compartir a información co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente coa persoa titora.
- Fóra destas xuntas, informarase o titor e/ou a orientadora do centro do progreso ou ausencia de progreso destes alumnos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | | | | | | X | | |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | | X | X | X | X | X | X | |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | | | | | | | | |
| ET.4 - Competencia dixital | | X | | | | X | | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | X | | | | | | |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | | | | | X | | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | | | | | X | | X |
| ET.8 - Creatividade | | X | | | | | | |
| ET.9 - Igualdade de xénero | | | X | | | X | | |
| ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | | | | | | X | | |
| ET.11 - Pluralidade (lingüística) | X | | | | | | | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 | UD 15 | UD 16 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 | UD 15 | UD 16 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.2 - Expresión oral e escrita | | | X | | | | | |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | | | | | | X | | |
| ET.4 - Competencia dixital | | X | | | X | X | | |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | | | | | | | |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | | | X | X | | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | | | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Creatividade | | X | | X | | | | |
| ET.9 - Igualdade de xénero | X | X | X | | | X | | X |
| ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | | | X | | | | | |
| ET.11 - Pluralidade (lingüística) | | | | X | | | | |

**Observacións:**

Desde a materia de Lingua Galega traballaremos todos os elementos transversais. Pola peculiaridade da materia, a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, ao formaren parte do currículo, terán un peso maior. Como parte tamén do currículo, traballaremos o respecto á pluralidade lingüística en varias das unidades.
Fomentaremos a creatividade a través das tarefas propostas e das exposicións, que incluirán recursos multimodais, o que repercutirá nunha maior destreza na comunicación audiovisual e nunha maior competencia dixital.
Tamén se porá o foco no fomento do espírito crítico, especialmente ao tratar o texto argumentativo e ao tratar as unidades de historia da lingua e literatura.
Dámoslle tamén grande importancia á a educación en valores, para axudar a formar cidadáns tolerante, empáticos, comprometidos cos valores democráticos e coa diversidade. Dentro destas, englobamos tamén a igualdade de xénero e a resolución pacífica de conflitos.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Coloquio con algún protagonista do sistema cultural galego | Programarase segundo oferta dispoñible. | X | | |
| Asistencia ou participación nalgunha actividade de creación artística | Programarase segundo oferta dispoñible. | | X | |

**Observacións:**

Amais das actividades xa concretadas, poderanse realizar outras actividades complementarias e extraescolares que se irán decidindo ao longo do curso en función da oferta dispoñible. Poderán ser, por exemplo, do seguinte tipo:
- Encontros con escritores ou con outros protagonistas do sistema cultural galego.
- Charlas sobre autores obxecto do Día das Letras Galegas.
- Recitais poéticos ou lecturas dramatizadas na aula.
- Acudir a unha representación teatral.
- Acudir a unha exposición pictórica.
- Visitar a redacción dun xornal, unha imprenta, unha biblioteca...

En fin, todo tipo de actividades complementarias que sirvan para o enriquecemento persoal e cultural do alumno desde a literatura, a arte e a realidade galega. Neste sentido, estamos sempre en permanente colaboración co EDLG, coa Biblioteca e mesmo con outros departamentos e proxectos do centro, dada a nosa vocación interdisciplinaria. Se algunha destas actividades se desenvolven fóra da localidade de Ordes contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou dos titores legais.
Tamén colaboramos con Departamento de Orientación en base ao compromiso do Departamento de Galego coa formación integral do individuo.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
| --- |
| PLANIFICACIÓN DOCENTE |
| - Programa a materia de acordo co establecido na lexislación e secuencia os contidos de forma progresiva. |
| - As unidades didácticas temporalízanse en función do tempo dispoñible e axústanse á temporalización prevista. |
| - Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación. |
| - Fai o seguimento da programación didáctica ao longo do curso e realiza as modificacións e adaptacións necesarias. |
| - Asiste ás reunións de departamento. Nelas achéganse ideas, información e suxestións de modificacións á PD. Avalíanxe os resultados das avaliacións do alumnado e propóñense mecanismos de mellora. |
| DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA |
| - Entrar na aula con puntualidade. |
| - Planifica as clases e prepara actividades. |
| - Amosa nas clases dominio da materia e unha actitude activa e dinámica. |
| - Emprega unha metodoloxía precisa e variada. |
| - As explicacións son claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles. |
| - Detecta os coñecementos previos, relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos, intercala preguntas aclaratorias, pon exemplos... |
| - Incorpora recursos na ensinanza dos contidos: axuda audiovisuais, recursos web, materiais doutro tipo... |
| - Estimula a participación dos estudantes na aula. |
| - Aclara as dúbidas que xorden dentro e fóra das clases. |
| - Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas. |

| |
|---|
| - Revisa os traballos propostos na aula e fóra dela. |
| - Propón actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados. |
| ATENCIÓN AO ALUMNADO |
| - Mantén unha actitude respectuosa cara ao alumnado. |
| - Informa o alumnado sobre progresos e dificultades. |
| - Propón actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado. |
| AVALIACIÓN |
| - Informa o alumnado dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos. |
| - Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados son os adecuados. |
| - Mantén a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución. |
| - As probas de avaliación, trala súa corrección, entréganselle ao alumnado e analízanse e coméntanse na clase. |
| - Analízase a cualificación do alumnado e valóranse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia. |
| COLABORACIÓN INTERDEPARTAMENTAL |
| - Establece unha comunicación fluída con outros departamentos. |
| - Participa en actividades programadas por outros equipos e grupos de traballo (EDLG, Biblioteca, Clubs de Lectura, Erasmus, Alimentate ben, Polos Creativos...). |
| FORMACIÓN CONTINUA |
| - O profesorado mantense actualizado en aspectos didácticos xerais, específicos da súa materia e no ámbito das novas tecnoloxías. |

**Descrición:**

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino.
Ao final de curso, cómpre facer unha reflexión sobre o proceso de ensino. Os resultados desta reflexión deben servir para tomar decisións que cambien algún aspecto ou que limen imperfeccións na propia práctica docente. A valoración débese efectuar, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro que inciden sobre varios aspectos fundamentais:
1. A planificación docente, que ten en conta a organización do currículo na programación didáctica.
2. O desenvolvemento da ensinanza na clase, para avaliar o proceso de transmisión dos coñecementos e a metodoloxía.
3. A atención ao alumnado, para mellorar a relación docente-alumno, aumentar o seu rendemento e atender a diversidade.
4. A avaliación, para facela máis axustada aos obxectivos e máis fiable, robusta e transparente.
5. Colaboración interdepartamental, para establecer obxectivos comúns, evitar duplicidades e potenciar a participación activa na comunidade escolar.
6. Formación continua, para manter 'aggiornado' o desenvolvemento das competencias pedagóxicas propias do noso exercicio profesional.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica é o documento a través do que se concretan as intencións educativas do Departamento de Galego, adaptando o currículo ás características específicas do noso centro e alumnado. É un documento consensuado,
Neste documento recóllese a xestión práctica do proceso de ensino e aprendizaxe, que se pode ver influenciado, alterado, modificado polas circunstancias. Considerámolo, xa que logo, un documento aberto e flexible, susceptible de modificación ao longo do curso se as circunstancias o aconsellan.

A final de curso valoraranse todos os aspectos relacionados co deseño, aplicación adecuada, seguimento e avaliación da propia PD no seu conxunto. Farémolo utilizando os seguintes indicadores de logro:

1. Cumpriuse o prazo de entrega indicado da PD.
2. A estrutura da PD incluíu os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022.
3. O contido da programación didáctica revisouse e aprobouse nunha reunión de Departamento.
4. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento: realizáronse ao longo do curso as modificacións ou adaptacións consideradas necesarias e estas quedaron recollidas nas actas do Departamento e -de ser o caso- en Proens.
5. Cumpríronse os obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
6. O número de UD disposto, a súa secuenciación e a súa temporalización foron adecuadas.
7. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos (os libros de texto, as lecturas propostas, os materiais de apoio... foron os adecuados)
8. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
9. Os criterios de avaliación están ben establecidos e aplicáronse correctamente.
10. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
11. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado e -de habelos- seguíronse os protocolos de actuación correspondentes.
12. Atendéronse os contidos transversais e as actividades complementarias.
13. A materia contribuíu a algún dos distintos Plans e proxectos do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia, Aliméntate ben, Polos creativos...
14. Ratificouse a PD ou establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na súa aplicación e incluíronse na memoria final do departamento.

## 9. Outros apartados